

ALGUNHAS TIPOLOXÍAS DOS CRUCEIROS DO MUNICIPIO DE OUTEIRO DE REI (LUGO).

AUTORES: FERNANDO ARRIBAS ARIAS.

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

PUBLICADO NO CADERNO DE ESTUDIOS CHAIREGOS. VILALBA (LUGO). T.4, 2008.

I. INTRODUCCIÓN.

Castelao, e despois del outros autores, xa comentou atinadamente que detrás de cada cruceiro hai unha historia, unhas veces sinxela e outras máis complexa, en ocasións vencellada a algún acontecemento triste ou dramático, e por veces ligadas simplemente a unha fonda devoción ou, quizais, ó vello sistema baseado no *do ut des* que xa utilizaban os clásicos nas súas crenzas.

Así pois, se cada cruceiro ten potencialmente de seu unha historia, detrás dos 21 cruceiros de Outeiro de Rei que aquí recollen Fernando Arribas e José Manuel Blanco Prado ¡ cantas historias non haberá! : mortes desgraciadas (accidentais ou non), ofrecementos e votos diversos etc. Moitos destes aspectos, desta “vida interior” dos cruceiros chairegos, aparecen plasmados nas inscricións e lendas de moitos exemplares inventariados, pero outras veces só quedaran agachados na memoria das xentes máis vellas. Precisamente por eso, segue sendo urxente recoller e transmitir todos os datos, noticias e informacións, de carácter material ou inmaterial, que nos reflectan unhas mentalidades, uns modos de ver a vida (e a morte...) moi determinados e, tantas veces, tan peculiares e singulares da cultura popular galega, antes de que a implantación da “moderna cultura occidental” (mormente norteamericana) fora uniformizando todo ou case todo ¹.

¹ Felipe Arias Vilas .: Extracto do Prólogo do Libro “Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei”, do que son autores Fernando Arribas Arias e José Manuel Blanco Prado.

II. LOCALIZACIÓN DO MUNICIPIO DE OUTEIRO DE REI E MAPAS DE LOCALIZACIÓN ².


Este municipio, de 134,2 km² de superficie, posúe unha poboación – segundo o I.G.E.³ do 2019- de 5.151 habitantes, repartidos en 27 parroquias⁴. Ten como lindes aos seguintes municipios: ao Norte linda cos municipios de Begonte, Cospeito e Rábade; ao Sur, co de Lugo; ao Leste, co de Castro de Rei; e a W., cos de Begonte e Friol. Ademais, pertence á comarca de Lugo, que é unha comarca central da provincia do mesmo nome cunha superficie de 1366 km² . Esta integra aos municipios de Castroverde, O Corgo, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei, Portomarín e Rábade, sendo Lugo non só a capital da comarca senón tamén da provincia.

² ***Mapas realizados polo delineante José Cancio Fernández.***


³ Instituto Galego de Estadística.

⁴ Parroquias de Aguiar, Arcos, Aspai, Bonxe, Caboi, Candai, Castelo de Rei, Cela, Folgueira, Francos, Gaioso, Guillar, Martul, Matela, Mosteiro, Outeiro de Rei, Parada, Robra, San Fiz de Paz, San Lorenzo de Aguiar, Santo Tomé de Gaioso, Santa Mariña, Silvarrei, Sobrada de Aguiar, Taboi, Vicinte e Vilela.

LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA
DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI



+ SITUACIÓN DOS CRUCEIROS

LOCALIZACIÓN NUMÉRICA DAS PARROQUIAS

1 CELA	15 BONXE
2 TABOI	16 OUTEIRO DE REI (S. XOÁN)
3 CASTELO	17 CANDAI
4 VILELA	18 PAZ
5 SOBRADA	19 MOSTEIRO
6 GAIOSO (SANTIAGO)	20 ASPAI
7 FOLGUEIRA	21 MARTUL
8 ARCOS	22 ROBRA
9 MATELA	23 AGUIAR (S. CLAUDIO)
10 AGUIAR (S. LÓRENZO)	24 SILVARREI
11 OUTEIRO DE REI (STA. MARINA)	25 VICINTE
12 GAIOSO (STO. TOMÉ)	26 GUILLAR
13 FRANCOS	27 PARADA
14 CABOI	

III. ANÁLISE SOBRE ALGUNHAS TIPOLOXÍAS.

Neste concello atopamos dazanove cruceiros e dúas cruces, distribuídas por entidades parroquiais da seguinte maneira.

1. Na parroquia de Arcos, **dous cruceiros**:

O cruceiro de Bullas, situado no interior dunha finca particular, pertencente á “Casa Varela” e ao carón da estrada a Castro de Ribeiras de Lea; e **o cruceiro da igrexa**, colocado nun cruzamento de viarios .(FOTO 1)

2. En Aspai, **o cruceiro de Santa Comba**, colocado ao carón da “Casa de Bernadelo” e nun cruzamento de viarios.(FOTO 2)

3. En Caboi, **un cruceiro** emprazado nun cruzamento de viarios e preto da igrexa parroquial . (FOTO 3)

4. En Candai, **un cruceiro** situado no cemiterio parroquial.(FOTO 4)

- 5.. En Cela, **dous cruceiros**:

O cruceiro de Meidonín, (FOTO 5) emprazado nun cruzamento de viarios; e **o de Quintián** ao carón dun viario e preto do cemiterio parroquial.

6. En Gaioso, **dous cruceiros**:

O do Campo da Feira e o da Lama (FOTO 6) colocados nun cruzamento de viarios.

7. En Guillar **o cruceiro do San Martiño** na pista que leva á igrexa.

8. En Martul, **un cruceiro** emprazado no interior da igrexa parroquial. (FOTO 7)

9. En Matela, **un cruceiro** colocado nun cruzamento de viarios.(FOTO 8)

10. En Parada, **dous cruceiros**:

O cruceiro de Gondai, situado ao carón do pazo de Gondai e **o de San Paio** ao carón da capela do mesmo nome.

11. En Taboi, **un cruceiro** emprazado nun cruzamento de viarios. (FOTO 9)

12. En Vicinte, **os cruceiros de Bravos** (FOTO 10) e **Vicinte** (FOTO 11) situados nun cruzamento de viarios

13. En Vilela, **dous cruceiros**:

O de Vilela Grande, colocado no adro da igrexa parroquial; e **o de Vilela Pequena** (FOTO 12) á beira dun viario.

Con respecto á propiedade, **seis cruceiros** son de propiedade particular ⁵ e

⁵ Cruceiro de Bullas (Arcos). Cruceiro de Santa Comba . Cruceiro de Meidonín (Cela). Cruceiro de Gondai (Parada). Cruceiro de San Paio (Parada). Cruceiro do S. Marcos (Taboi).

trece cruceiros, de propiedade pública ⁶.

Por outra banda, o cruceiro amosa os seguintes elementos con respecto a súa composición: a plataforma, a base, o fuste ou varal, o capitel e a cruz.

1. A PLATAFORMA.

Amosa un chanzo no **cruceiro da igrexa de Martul** ; dous chanzos en **cinco** ⁷; tres chanzos en **dez cruceiros** ⁸. Tamén hai **tres cruceiros** sen plataforma ⁹.

2. A BASE.

Presenta diferentes modalidades.

2.1. Unha base cúbica en **sete cruceiros** ¹⁰.

2.2. Unha base troncopiramidal en **cinco cruceiros** ¹¹.

2.3. Base formada por dúas pezas: unha paralelepípeda irregular e a outra cúbica no **cruceiro de Matela (Matela)**.

2.4. Base prismática cuadrangular no **cruceiro de San Paio (Parada)**.

2.5. Base paralelepípeda moldurada no **cruceiro de Vilela Pequena (Vilela)**.

2.6. Base moldurada en **nove cruceiros** ¹².

⁶ Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro de Caboi (Caboi). Cruceiro do cemiterio (Candai). Cruceiro de Quintián (Cela).. Cruceiro do Campo da Feira (Gaioso). Cruceiro da Lama (Gaioso). Cruceiro do S. Martiño (Guillar). Cruceiro da igrexa (Martul). Cruceiro. Cruceiro de Matela (Matela). Cruceiro de Bravos (Vicinte). Cruceiro de Vicente (Vicinte). Cruceiro de Vilela Grande (Vilela). Cruceiro de Vilela Pequena (Vilela).

⁷ Cruceiro de Caboi (Caboi). Cruceiro do S. Martiño (Guillar). Cruceiro de Matela (Matela). Cruceiro de Gondai (Parada). Cruceiro de Vilela Grande (Vilela).

⁸ Cruceiro de Bullas (Arcos). Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro de Sta. Comba (Aspai). Cruceiro de Meidonín (Cela). Cruceiro de Quintián (Cela). Cruceiro do Campo da Feira (Gaioso). Cruceiro de San Pario (Parada). Cruceiro de Fraiz (Taboi). Cruceiro de Bravos (Vicinte). Cruceiro de Vicente..

⁹ Cruceiro do cemiterio (Candai).. Cruceiro da Lama (Gaioso). Cruceiro de Vilela Pequena (Vilela).

¹⁰ Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro do cemiterio (Candai). Cruceiro de Meidonín (Cela). Cruceiro do

Campo da Feira (Gaioso). Cruceiro da Lama (Gaioso). Cruceiro do San Marcos (Taboi).

Cruceiro de

Vicinte (Vicinte).

¹¹ Cruceiro de Bullas (Arcos). Cruceiro de Santa Comba (Aspai). Cruceiro de Caboi). Cruceiro de Gondai

(Parada). Cruceiro de Vilela Grande (Vilela).

¹² Cruceiro de Bullas (Arcos) –moldura cóncava-. Cruceiro da igrexa (Arcos) – molduras cóncava e convexa-. Cruceiro de Santa Comba (Aspai) – moldura convexa-. Cruceiro de Caboi (Caboi) – moldura convexa-. Cruceiro de Santa Comba (Aspai) – moldura convexa-. Cruceiro de Caboi (Caboi) – moldura convexa-.

2.7. Cruceiros sen base en **tres cruceiros** ¹³.

Ademais, a base amosa unha inscrición en **cinco cruceiros**¹⁴.

A. CRUCEIRO DE BULLAS (ARCOS).

CARA W. Inscrición elexible.

CARA LESTE. “ CONSTRUIDO A EXPENSAS DE RAMÓN...CURA...EN EL AÑO DE 1883”.

B. CRUCEIRO DA IGREXA (ARCOS).

As caras do extremo superior e inferior mostran unha inscrición na que soamente pode lerse:

“ LO IZO JOSEPH LOP ARIAS”

C. CRUCEIRO DE SANTA COMBA (ASPAI).

As caras da base aparecen cunha inscrición na que pode lerse o seguinte:

“QUE ESTE CRUCEIRO MANDOUNO FACER MANUEL FERREIRO CANDAL, CURA DE DISTRIZ (VILALBA) NO ANO DE 1897”.

Na inscrición, tamén se reflicte **“como o bispo de Lugo concede indulxencias a tódolos fregueses que recen diante do cruceiro”.**

CARA SUR. “ POR REZAR CU / ALQUIER ORACIÓN / APROBADA POR LA / IGLESIA ANTE ES / TAS EFIGIES”. (FOTO 13)

D. CRUCEIRO DE MEIDONÍN (CELA).

CARA W. “ S. ROQUE”.

E. CRUCEIRO DE VILELA PEQUENA (VILELA).

CARA NORTE. “ ROGAD A DIOS POR / D. MANUEL GAL.LEGO MUERTO TO EN ESTE SITIO / EL 31 DE MARZO DE 1945 / A LOS 42 AÑOS / TU ESPOSA, HIJOS Y VECINOS / NO TE OLVIDAN”/.

da dura cóncava-. Cruceiro de Meidonín (Cela) – molduras cóncava e convexa-. Cruceiro do Campo

Feira (Gaioso). Cruceiro da Lama (Gaioso) –molduras cóncavas e convexa-. Cruceiro de Vicente (Vicente) –molduras cóncava e convexa.. Cruceiro de Vilela Pequena (Vilela).

¹³ Cruceiros de Quintián (Cela), do San Martiño (Guillar) e de Bravos (Vicente).

¹⁴ Cruceiro de Bullas (Arcos). Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro de Santa Comba (Aspai). Cruceiro de Meidonín (Cela). Cruceiro de Vilela Pequena.

Por outra banda, **o Cruceiro de Meidonín (Cela)** amosa na súa **Cara W.**, un motivo escultórico que simboliza a **San Roque e a un devoto**.

3. O FUSTE.

É monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto, agás **o cruceiro de Matela**, que non ten fuste, **e os cruceiros de Caboi e Martul** que amosan unha sección cilíndrica e estriada.

As caras dos extremos superior e inferior están **ornamentadas** polos seguintes motivos:

3.1. As catro caras do extremo superior están ornadas por un rombo inscrito nun rebaixe rectangular no **cruceiro da igrexa de Arcos**

3.2. A cara Sur do extremo superior está decorado por unha custodia no **cruceiro de Santa Comba (Aspai)**.

3.3. As catro caras da parte superior estan decoradas cun rebaixe rectangular que presenta o relevo dun rombo cun roel no centro e catro franquendo os vértices superior e inferior no **cruceiro de Bullas (Arcos)**.

3.4. As caras Leste, Norte e W., do extremo superior están ornamentadas cun rebaixe rectangular que amosa o relevo dun rombo cun roel no centro e catro franqueando os vértices superior e inferior do **cruceiro de Santa Comba (Aspai)**.

3.5. Todas as caras do extremo superior, agás a SE., están ornadas cunhas rosetas no **cruceiro do Campo da Feira (Gaios)**.

3.6. Dúas caras do extremo superior do **cruceiro de Meidonín (Cela)** están ataviadas cunhas swásticas.

3.7. As arestas das caras da parte superior están ornamentadas cuns cordóns de hábito no **cruceiro da Lama (Gaios)**.

3.8. A Cara SE., da parte inferior está decorada cun relevo da flaxelación de Cristo no **cruceiro do Campo da Feira (Gaios)**. (FOTO 14)

3.9. O fuste ten un soporte formado por unha dobre moldura convexa, ornada con catro follas, **no cruceiro da igrexa de Martul**.

3.10. O extremo superior do fuste remata nun collarino no **cruceiro da igrexa de Martul**.

O resto do fuste está ornamentado en seis cruceiros *polos instrumentos da paixón en relevo*. A súa colocación nunha orde descendente é variable segundo facemos constar a continuación:

1. CRUCEIRO DE BULLAS (ARCOS).

Cara W. Tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha lanza e unha escaleira de dez banzos..

2. CRUCEIRO DA IGREXA (ARCOS).

CARA NE. Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, un látego, unha espada e unha escaleira de nove banzos.

3. CRUCEIRO DE SANTA COMBA (ASPAI).

CARA SUR. Unha columna, tres cravos, unha espada, un martelo, unhas tenaces e unha escaleira de dez banzos.

4. CRUCEIRO DE MEIDONÍN (CELA).

CARA SUR. Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, un látego, unha lanza e unha escaleira de nove banzos.

5. CRUCEIRO DO CAMPO DA FEIRA (GAIOSO).

CARA SE. Unhas tenaces, un martelo, unha escaleira de sete banzos e un látego.

6. CRUCEIRO DA LAMA (GAIOSO).

CARA SUR. Unhas tenaces, un martelo e unha escaleira de cinco banzos.

Por outra banda, o fuste amosa unha inscrición en *cinco cruceiros* ¹⁵.

A. CRUCEIRO DO CEMITERIO (CANDAI).

Nunha peza de mármore da **CARA LESTE.**, lese a seguinte inscrición:

**“CAIDOS/ POR DIOS Y / POR ESPAÑA /ANTONIO NÚÑEZ CASTRO /
ANTONIO / SÁNCHEZ ROIBAS / ANTONIO / ROIBAS ROCA / RICARDO
MEILÁN PENA/ JOSÉ / GONZÁLEZ NOVO /JESÚS / CARREIRA GONZÁLEZ /
ANTONIO / CARREIRA GONZÁLEZ / JESÚS / FRAGA FRANCO / QUE DIOS /
ACEPTE VUESTRO SACRIFICIO”/.**

B. CRUCEIRO DE MEIDONÍN (CELA).

¹⁵ Cruceiro do cemiterio (Candai). Cruceiro de Meidonín (Cela). Cruceiro do Campo da Feira (Gaios). Cruceiro do San Marcos (Taboi.). Cruceiro deVicinte.

No extremo inferior da **CARA SUR.**, lese a seguinte inscrición:

“ANO / DE / 1885/^a”

C. CRUCEIRO DO CAMPO DA FEIRA (GAIOSO).

No extremo superior da **CARA SE.**, lese a inscrición do número **“34”**.

No extremo inferior da **CARA SE.**, lese o ano no que foi construído o cruceiro.

“ANO / DE / 1900/”.

D. CRUCEIRO DE SAN MARCOS (TABOI). (FOTO 15)

Na parte inferior lese a seguinte inscrición:

1ª Cara: **AN**

1816

2ª Cara: **JULº**

PEZ.

E. CRUCEIRO DE VICINTE (VICINTE).

No extremo inferior da **CARA LESTE.**, lese nunha placa de mármore a seguinte inscrición:

“RECUERDO DEL ILMO. SR / D. JOSÉ FERREIRO / GAYOSO / CANÓNIGO DE LA SANTA IGLESIA / CATEDRAL B. DE LUGO”

4. O CAPITEL.

O capitel amosa formas variadas:

4.1. De forma troncopiramidal invertida en **dez cruceiros** ¹⁶. (FOTO 16)

4.2. De forma troncocónica invertida no **cruceiro de Caboi (Caboi)**.

4.3. Capitel con ábaco e equino no **cruceiro da igrexa de Martul (Martul)**.

4.4. Sen capitel en **tres cruceiros** ¹⁷.

4.5. Capitel moldurado en **seis cruceiros** ¹⁸.

¹⁶ Cruceiro de Bullas (Arcos). Cruceiro de Santa Comba (Aspai). Cruceiro do cemiterio (Candai). Cruceiro de Meidonín (Cela). Cruceiro do Campo da Feira (Gaiosos). Cruceiro do S. Martiño (Guillar). Cruceiro de San Paio (Parada). Cruceiro do San Marcos (Taboi). Cruceiro de Vicente (Vicente). Cruceiro de Vilela Grande (Vilela).

¹⁷ Cruceiro de Quintián (Cela). Cruceiro de Matela (Matela). Cruceiro de Bravos (Vicente).

¹⁸ Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro da Lama (Gaiosos). Cruceiro de Gondai (Parada). Cruceiro de San Paio (Parada). Cruceiro de Vicente (Vicente). Cruceiro de Vilela Pequena (Vilela).

Con respecto á decoración este elemento artístico mostra diferentes temas:

1. Querubíns e volutas en **cinco cruceiros** ¹⁹.
2. Querubíns no **cruceiro de Vicinte(Vicinte)**.
3. Follas de acanto **no cruceiro de Caboi**.
4. Follas de acanto, vieiras e volutas no **cruceiro de Vilela Grande (Vilela)**.
5. Collarino na parte inferior do **cruceiro de Caboi (Caboi)**.
6. Cordón de hábito, funículo, querubíns e volutas no **cruceiro do Campo da Feira (Gaiosos)**.

Así mesmo, o capitel presenta unha inscrición nos cruceiros seguintes:

1. CRUCEIRO DO CAMPO DA FEIRA (GAIOSOS).

Na parte superior hai unha inscrición ilexible que pode referirse aos santos que están xunto ao Cristo.

2. CRUCEIRO DO SAN MARTIÑO (GUILLAR).

No capitel lese a data na que foi construído este cruceiro: “**AÑO DE / 1840/”**.

3. CRUCEIRO DE VILELA GRANDE (VILELA).

Na **Cara W.**, lese a seguinte inscrición. “**AÑO 1982^a**”.

5. A CRUZ

Mostra as seguintes formas na súa sección:

5.1. Sección cuadrangular nos seus extremos e coas arestas rebaixadas no resto en **oito cruceiros**.²⁰.

5.2. Sección cuadrangular en **sete cruceiros** ²¹.

5.3. Sección cilíndrica nos **cruceiros de Caboi (Caboi), do Campo da Feira (Gaiosos) (FOTO 17) e o de Vilela Grande (Vilela)**.

¹⁹ Cruceiro de Bullas (Arcos). Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro de Santa Comba (Aspai). Cruceiro de Caboi (Caboi). Cruceiro de Meidonín (Cela).

²⁰ Cruceiro de Bullas (Arcos). Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro de Santa Comba (Aspai). Cruceiro de Meidonín (Cela)..Cruceiro da Lama (Gaiosos). Cruceiro do San Martiño (Guillar). Cruceiro da igrexa (Martul). Cruceiro de Gondai (Parada).

²¹ Cruceiro do cemiterio (Candai). Cruceiro de Quintián (Cela). Cruceiro de San Paio (Parada). Cruceiro de San Marcos (Taboi). Cruceiro de Bravos (Vicinte). Cruceiro de Vicinte (Vicinte). Cruceiro de Vilela Pequena (Vilela).

Así mesmo, amosa tres remates:

1. Remate de cruz florenzada en **seis cruceiros** ²².
2. Remate de cruz potenziada **no cruceiro do San Martiño (Guillar)**.
3. Cruz cuadrangular en **oito cruceiros**. ²³

En canto a súa ornamentación podemos facer alusión aos seguintes trazos:

1. Cruz provista dunha pequena roseta inscrita nun círculo **no cruceiro de San Martiño (12) (Guillar)**.
2. Rosetas gravadas **na cruz no cruceiro de Bravos (Vicinte)**.
3. Cruz con cartela en **oito cruceiros**²⁴.

Por outra banda, no anverso da cruz aparece a efixie de Cristo en **doce cruceiros** ²⁵.

Presenta os seguintes trazos:

A cabeza inclinada ao lado dereito en **nove cruceiros** ²⁶. As mans abertas en **dez cruceiros** ²⁷. O perizoma anoadado ao lado dereito en **oito cruceiros** ²⁸. O pé dereito sobre o esquerdo en **tres cruceiros** ²⁹. O pé esquerdo sobre o dereito no **cruceiro da Lama (Gaioso)**. Pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha

²² Cruceiro de Bullas (Arcos). Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro de Meidonín (Cela). Cruceiro de Lama (Gaioso). Cruceiro da igrexa (Martul). Cruceiro de Vilela Pequena (Vilela).

²³ Cruceiro de Quintián (Cela).Cruceiro de Matela (Matela). Cruceiro de Gondai (Parada). Cruceiro de San Paio (Parada). Cruceiro de San Marcos (Taboi). Cruceiro de Bravos (Vicinte).Cruceiro de Vicente (Vicinte). Cruceiro de Vilela Pequena (Vilela). .

²⁴ Cruceiro de Bullas (Arcos). Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro de Sta. Comba (Aspai). Cruceiro de Quintián (Cela). Cruceiro de Caboi (Caboi). Cruceiro do Campo da Feira (Gaioso)..Cruceiro de Bravos (Vicinte).Cruceiro de Vilela Grande (Vilela).

²⁵ Cruceiro de Bullas (Arcos). Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro de Santa Comba (Aspai). Cruceiro de

Caboi (Caboi). Cruceiro de Meidonín (Cela). Cruceiro de Quintián (Cela). Cruceiro do Campo da Feira (Gaioso). Cruceiro de Lamas (Gaioso). Cruceiro de Gondai (Parada). Cruceiro de Bravos (Vicinte). Cruceiro de Vilela Grande (Vilela). Cruceiro de Vilela Pequena (Vilela).

²⁶ Cruceiro de Bullas (Arcos). Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro de Santa Comba (Aspai). Cruceiro de Caboi (Caboi). Cruceiro de Meidonín (Cela). Cruceiro do Campo da Feira (Gaioso). Cruceiro de Lama (Gaioso). Cruceiro de Gondai (Parada). Cruceiro de Vilela Grande (Vilela).

²⁷ Cruceiro de Bullas (Arcos). Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro de Santa Comba (3) (Aspai). Cruceiro de Caboi (Caboi). Cruceiro de Meidonín (Cela). Cruceiro de Quintián (Cela). Cruceiro do Campo da Feira (Gaioso). Cruceiro de Gondai (Parada). Cruceiro de Bravos (Vicinte). Cruceiro de Vilela Grande (Vilela).

²⁸ Cruceiro de Bullas (1) (Arcos). Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro de Santa Comba (Aspai). Cruceiro de Caboi (Caboi). Cruceiro de Meidonín (Cela). Cruceiro do Campo da Feira (Gaioso). Cruceiro de Gondai (Parada). Cruceiro de Vilela Grande (Vilela).

²⁹ Cruceiro de Caboi (Caboi). Cruceiro de Gondai (Parada). Cruceiro de Vilela Grande (Vilela).

caveira en **catro cruceiros** ³⁰. Pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha santiña no **cruceiro do Campo da Feira (Gaios)**. Os pés paralelos nos **cruceiros de Quintián (Cela) e Bravos (Vicinte)**. A efíxie de Cristo franqueada por un santiño ou dous nos **cruceiros de Meidonín (Cela)** – santo de xeonllos-. **Cruceiro do Campo da Feira (Gaios)** –dous santiños de pé-. Unha cartela en **oito cruceiros** ³¹. As pernas flexionadas en **sete cruceiros**. Os seus brazos estendidos ao longo da cruz dun xeito horizontal nos **cruceiros de Quintián (Cela) e Bravos (Vicinte)**. Os seus brazos estendidos ao longo da cruz en forma de lixeira “ V “ en **sete cruceiros** ³². As súas costelas máis resaltadas en **catro cruceiros** ³³.

Pola contra, no reverso mostrase a efíxie da Virxe en **dez cruceiros** ³⁴. Amosa os seguintes trazos:

A imaxe mariana amósase como Piedade nos **cruceiros do Campo da Feira (Gaios) e de Gondai (Parada)**. Está situada por riba dunha peana nos **cruceiros de Bullas (Arcos), da igrexa (Arcos), de Santa Comba (Aspai) y de Vilela Grande (Vilela)**. Está colocada sobre unha media lúa no **cruceiro de Meidonín (Cela)**.

Tanto no anverso como no reverso encontráanse efíxies talladas na propia peza nos **cruceiros de Quintián (Cela) e Bravos (Vicinte)** (*FOTO 18*), que son cruceiros que amosan certas semellanzas nos seus elementos artísticos.

Por outra banda, neste concello houbo varios cambios de emprazamento de cruceiros ³⁵. Así mesmo, constatamos que na década dos oitenta do último século houbo varias restauracións de cruceiros:

1. CRUCEIRO DO S. MARTIÑO (GUILLAR).

³⁰ Cruceiro de Bullas (Arcos). Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro de Santa Comba (Aspai). Cruceiro de Meidonín (Cela).

³¹ Cruceiro de Bullas (Arcos). Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro de Santa Comba (Aspai). Cruceiro de Caboi (Caboi). Cruceiro de Quintián (Cela). Cruceiro do Campo da Feira (Gaios). Cruceiro de Bravos (Vicinte). Cruceiro de Vilela Grande (Vilela).

³² Cruceiro de Bullas (Arcos). Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro de Santa Comba (Aspai). Cruceiro do Campo da Feira (Gaios). Cruceiro da Lama (Gaios). Cruceiro de Gondai (Parada). Cruceiro de Vilela Grande (Vilela).

³³ Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro de Santa Comba (3) (Aspai). Cruceiro de Campo da Feira (9) (Gaios). Cruceiro de Vilela Grande (20) (Vilela).

³⁴ Cruceiro de Bullas (Arcos). Cruceiro da igrexa (Arcos). Cruceiro de Santa Comba (Aspai). Cruceiro de Caboi (Caboi). Cruceiro de Meidonín (Cela). Cruceiro do Campo da Feira (Gaios). Cruceiro de Gondai (Parada). Cruceiro de Bravos (Vicinte). Cruceiro de Vicinte (Vicinte). Cruceiro de Vilela Grande (Vilela).

³⁵ Cruceiro da Lama (Gaios). Cruceiro do San Martiño (Guillar). Cruceiro da igrexa (Martul) – cambiouse de lugar o fuste e a cruz.

Canteiro.. **Juan Abad de Gaioso**. Ano 1988.

2. CRUCEIRO DA IGREXA (MARTUL).

Canteiro de Lugo. **Manuel Baamonde**.

Ademaís, na súa restauración interviron veciños da parroquia.

Ano. Finais da década dos oitenta do século pasado.

3. CRUCEIRO DO S. MARCOS (TABOI).

Canteiro. **Darío Rozas González**. Ano. 1989.

Finalmente, neste concello, puidemos constatar dous feitos que acaeceron noutrora e que estaban ligados aos cruceiros.

Un deles, fai referencia a como nos *cruceiros de Quintián (Cela) e Matela*, enterraban ao morrer a algúns meniños, que non foran bautizados.

O segundo alude a como o día do patrón-a das respectivas parroquias as procesións daban a volta ao carón dos cruceiros. É o caso, por exemplo, da imaxe do Perpetuo Socorro con respecto ao *cruceiro de Caboi*.

IV. VOCABULARIO ESENCIAL SOBRE OS CRUCEIROS.

ACANTO.- Adorno que imita a unha planta perenne, que posúe as flores longas, rizadas e con espiñas. Este adorno é característico do capitel corintio.

ÁNGULO.- Figura formada por dúas liñas, que parten dun memo punto.

ANVERSO.- Cara principal de determinados obxectos. Cara principal da cruz.

ARESTA.- Recta formada polo encontro de dous planos.

BANZOS.- Cada un dos pasos dunha escaleira.

BASE.- Apoio sobre o que descansa algunha cousa. Parte inferior dunha columna.

CACHOTERÍA.- Pedras sen labrar, colocadas dun xeito irregular.

CAPITEL.- Parte superior da columna, que coroa o fuste.

CARTELA.- Decoración que enmarca unha inscrición nun pedestal, lápida ou friso.

COLARIÑO.- Moldura anular entre o fuste e o capitel dunha columna.

COLUMNA.- Pé dereito ou piar cilíndrico, normalmente máis alto que ancho, que serve de soporte de cornixas, bóvedas ou como simple adorno; componse de tres partes: base, fuste, e capitel.

CÓNCAVO.- Forma que presente a superficie curva cara o interior.

CONVEXO.- Estructura que mostra a superficie curva cara o exterior.

CUADRANGULAR.- De catro ángulos.

CUADRILÁTERO.- Polígono de catro lados.

CÚBICO.- Poliedro regular formado por seis caras cadradas.

CRUZ.- Figura formada por dúas liñas, que se atravesa perpendicularmente, e calquera obxecto ou figura con esa forma. Parte superior do cruceiro, situada por riba do capitel.

ALGÚNS TIPOS DE CRUZ:

1. CRUZ FLORENZADA. A que ten os seus remates abertos de xeito curvilíneo.
2. CRUZ GREGA. A de brazos iguais.
3. CRUZ LANCELOLADA. A que tgen os seus remates en forma de ferro de lanza.
4. CRUZ LATINA. A que ten maior o brazo vertical.
5. CRUZ LISA. Cruz desprovista de imaxes.
6. CRUZ TREVOADA. A que ten os seus remates en forma de trevo.

ESTRÍAS.- Marca lineal pouco profunda.

FUSTE.- Parte da columna, situada entre a base e o capitel.

MERLÓN.- Cada un dos dentes en forma de prisma, que coroa un muro ameado..

MOLDURA.- Elemento corrido, que se colca sobre unha superficie para decorala e que se clasifica segundo o seu perfil, sendo normalmente de pouca anchura.

- TIPOS DE MOLDURAS:

- FILETE OU LISTEL.- De sección cadrada ou rectangular.
- O BOCEL OU TORO.- Semicirculo convexo; se é moi pequeno chámase baquetón.
- O CUARTO BOCEL.- Cuarto de círculo convexo.
- A MEDIA CANA.- Semicirculo cóncavo.
- A ESCOCIA.- Moldura cóncava, continua, composta de dúas curvas de distinto radio.
- O CAVETO OU NACELA. – De cuarto de círculo cóncavo.
- A GOLA.- A unión dun caveto e un cuarto bocel, sendo a parte máis sainte o caveto.
- O TALÓN.- A unión dun caveto e un cuarto bocel chámase talón, sendo a parte máis sainte o cuarto bocel.

MOLDURADO.- Que presenta molduras.

MONOLÍTICO.- Monumento de pedra dunha soa peza.

OCTOGONAL.- De oito ángulos.

PARALELOGRAMO.- Cuadrilátero cos lados opostos paralelos entre si.

PARALELEPÍPEDO.- Corpo xeométrico limitado por seis paralelogramos sendos os opostos iguais entre si

PEAÑA.- Base ou apoio para colocar por riba unha figura.

PIRÁMIDE.- Poliedro de base poligonal e caras laterais triangulares.

POLICROMÍA.- Arte de pintar en varias cores.

POLIEDRO.- Corpo xeométrico limitado por varias caras chás.

POLÍGONO.- Superficie chá limitada por varios lados, que nas súas interseccións forman ángulos.

PRISMA.- Poliedro de dúas caras iguais e paralelas e no que as caras laterais son paralelogramos.

REBAIXADO.- Biselado, cortado no bordo.

RELEVO.- Forma escultórica, que sobresa dunha superficie.

REVERSO.- Cara oposta ao anverso. Cara posterior da cruz.

ROEL.- Peza decorativa redonda en forma de moeda.

SECCIÓN.- Corte ou liña divisoria.

SUPEDÁNEO.- Especie de peaña sobre a que se apoian algunhas efixies.

TRONCOPIRAMIDAL.- Relativo á parte da pírámide, que se obtén facendo un corte por un lado paralelo á base e eliminando o vértice.

VOLUTA.- Adorno en forma de espiral.

V. BIBLIOGRAFÍA

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei.*** Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 76, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1998.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Guitiriz.*** Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 81, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1999.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade.*** Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 87, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2000.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. “Os Cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Castro de Rei”, en ***El Legado Cultural de la Iglesia mindoniense.*** I Congreso do Patrimonio da Diócese de Mondoñedo, 2000, páxs. 497-506.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. “Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Guitiriz”, en ***Os Canteiros.*** Actas das xornadas celebradas en Parga (Guitiriz), 2000, páxs. 31-41.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., BLANCO PRADO, José Manuel e SAAVEDRA, Mario. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristo e Cruces da Pastoriza.*** Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 92 , Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2002.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. “Os Cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Cospeito”, en ***Caderno de Estudios Chairegos,*** nº 1, 2002, páxs. 99-117.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., BLANCO PRADO, José Manuel.. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristo e Cruces de Xermade.*** Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 94 , Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2004.

ARRIBAS ARIAS, Fernando , BLANCO PRADO, José Manuel e SAAVEDRA PÉREZ, Mario. “ Os Cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos cruceiros de A Pastoriza”, en **Caderno de Estudios Chairegos**, nº 2, 2004, páxs. 123-146.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro, e REIGOSA CARREIRAS, Antonio “Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega (I)”, en **El Progreso, diario de Lugo**, 20-8-1987.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro, e REIGOSA CARREIRAS, Antonio “Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega (II)”, en **El Progreso, diario de Lugo**, 20-8-1987, páx. 7.

BAAMONDE GARCÍA, Alfonso A e CASTRO RODRÍGUEZ, A. “ Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega”, en **El Progreso, diario de Lugo**, 22-8-1987, páx. 7.

BLANCO PRADO, José Manuel e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel. **Cruces y Cruceiros del Municipio de Begonte**. Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1988.

BLANCO PRADO, José Manuel. **Religiosidad popular en el Municipio de Begonte**. Lugo:Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1990.

BLANCO PRADO, José Manuel. **Exvotos e rituais nos santuarios lucenses**. Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1996.

CENDÁN FRAGA, A. “ Os cruceiros de Vilalba”, en **El Progreso de Lugo**, 31-8-1988, páx.33.

CENDÁN FRAGA, A. “ Cruceiros, hórreos y antiguos molinos chairegos sucumben en el olvido”, en **EL Progreso de Lugo**, 29-12-1989, páx. 9.

COMARCA DA TERRA CHÁ. Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Presidencia. Xunta de Galicia, 1993, páxs. 92-103.

FLORES RIVAS, Luis Hixinio. “ A cultura material representada nas construcións populares: un elemento a conservar na Terra Chá”, en **Boletín Terra Chá**, nº 1, Organo das Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego, 1997, páxs. 28-30.

GIL AGRAS, H. “Os cruceiros de Bretoña”, en **El Progreso de Lugo**, 17-8-1991, páx. 37.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e outros. **Inventario Artístico de Lugo y su provincia**. Madrid: Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, Ts. I-VI, 1975-1983.

LAREDO VERDEJO, J.M. **Os Nossos Cruceiros**. A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza, 1993.

PERNAS BERMÚDEZ, Carmen. “ O cruceiro dos Catro Camiños de Vilalba” (I) e (II) en ***El Progreso, diario de Lugo***, 30-4 e 1-5 do 1998, páx. 16.

PERNAS BERMÚDEZ, Carmen. “ As cruces de pedra no olvido” , en ***Pena do Encanto***, Boletín Informativo do Instituto de Estudos Chairegos, nº 1, 2001, páxs. 20-37.

RODRÍGUEZ CASTELAO, A. ***As cruces de pedra na Galiza***. Madrid:Akal, 1975. Ed. facsímil da que se levou a cabo en B. Aires en 1049.

TRAPERO PARDO, J. “ Os cruceiros”, en ***Lucus***, Boletín Informativo da Deputación Provincial de Lugo, nº 27, 1974, páxs. 25-40.

VIVEIRO, Orlando. “ O Latín dos canteiros”, en ***Terra Chá***, Organo das Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego, nº 2, 1997, páxs. 4-5.

NOTA.- Os mapas de localización do concello de Xermade foron realizados polo delineante José Cancio Fernández e as fotos dos cruceiros por Fernando Arribas Arias.

VI. ILUSTRACIONES.



FOTO 1. CRUCEIRO DA IGREJA (ARCOS)



FOTO 2. CRUCEIRO DE SANTA COMBA (ASPAI)



FOTO 3. CRUCEIRO DE CABOI



FOTO 4. CRUCEIRO DE CANDAI



FOTO 5. CRUCEIRO DE MEIDONÍN (CELA)



FOTO 6. CRUCEIRO DA LAMA (GAIOSO)



FOTO 7. CRUCEIRO DE MARTUL



FOTO 8. CRUCEIRO DE MATELA



FOTO 9. CRUCEIRO DE SAN MARCOS (TABOI)



FOTO 10. CRUCEIRO DE BRAVOS (VICINTE)



FOTO 11. CRUCEIRO DE VICINTE



FOTO 12. CRUCEIRO DE VILELA PEQUENA



FOTO 13. BASE DO "CRUCEIRO DE SANTA COMBA" (ASPAI). INSCRICIÓN.



FOTO 14. CRUCEIRO DO CAMPO DA FEIRA (GAIOSO). FUSTE. DECORACIÓN



FOTO 15. CRUCEIRO DE SAN MARCOS (TABOI). FUSTE INFERIOR. INSCRICIÓN.



FOTO 16. CRUCEIRO DE BULLAS (ARCOS). DETALLE FUSTE. CAPITEL E CRUZ.



FOTO 17. CRUCEIRO DO CAMPO DA FEIRA (GAIOSO). CAPITEL E CRUZ.



FOTO 18. CRUCEIRO DE BRAVOS (VICINTE). DETALLE DA CRUZ.